

O noso tempo a través de Mucha Nores

Chamadoira do Casal*

03-08-22 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/08/03/o-noso-tempo-traves-nores-73053763.html>



Pepe Chamadoira, a súa dona Lola Casal Manolo Bermúdez, alias Cañón, curmán do meu pai e a súa dona, Lolita Suso Araújo, e a súa don Mucha Nores ARQUIVO FAMILIAR

Xa imos ficando de teito xeracional os rapaciños que medramos carón uns dos outros no fermoso lugar de Piedra Alta. Nese retrato das tres parellas xuntas nalgún baile, somentes ti, Mucha, eras a testemuña viva. Os meus pais: Pepe e Lola; Lolita e Manolo Bermúdez; Suso e ti. Todos estabades ensarillados na xuventude e na ledicia da noite de festa, asemade do agarimo que se traslucen das poses, das mans, dos brazos polo ombreiro cada un coa súa parella.

Coma unha simbiosis afectiva non podo apartar a Suso das lembranzas túas. A miña nenez, adobiada de sons do bater nos metáis do taller, do cheiro do carburo. Suso facía cousas fermosas: o portal cun niño de paxariños no medio, una vespa para Susín, un patinete, asemade das cousas para a casa ou da súa moto, na que iades os tres ou os catro, de paseo os domingos ó serán. Ti, lizgaira e ridente ías e viñas da nosa casa a voso.

Si había alguha mancadura, a nosa nai, moi atribulada, chamábate e aló viñas a compoñernos como una sandadora profesional.

Percibíase nidiamente a seguridade que emanabas diante de calquera ferida que nós faciamonos nos enredos polo eido ou nos tomballazos dende os muros que cinguían a nosa horta. Sentada nas escadas da nosa casa, rodeada de auga osixenada, alcohol, mercuricromer, algodón, esparadrapo, etc, arranxabas o desfeito dedo do medio da man dereita do meu irmán José Manuel, esmagado nunha porta grosa ou a espiña de Ollo Mol na gorxa da pequena Maxi. Compartíamos lareira para asar os peixes, éramos solución mutua para os esquecementos dos alimentos que sempre había ir mercar ó pobo: fariña, formento, zucre, café uo outra cousa calquera.

Xa saída de contas, mamá estaba a agardar o intre do nacemento do noso irmán cativo Jesús en Vigo, na casa dos avós. Os días pasaban e o rapaz non daba sinais de querer deixar o berce quente da súa nai. Un sábado no que papá non traballaba, acordou achegarse ata Cangas para visitarnos e axudar a Paca que tiña conta dos tres nenos e arranxaba todo o da casa. Había calor e o noso pai, teimudamente, convenceuna para que durmira en Cangas, que si non viñera o neno, non iría a vir nesa noite. Así foi como cadrou o parto naquela madrugada do 15 do mes de Santiago. O silencio escachouse co berro: Muuucha!!! Xa ía a nacer o noso irmán pequeno!

Acudiches ti máis a roupiña de Marichi para vistilo, pois, todo quedara en Vigo. Tan ben o fixeche que cando chegou o meu pai co médico, Jesús xa nacera.

Eras un exemplo a seguir na loita pola vida. Lémbrote lidando con Ana, a túa filliña cativa que somentes viviu dous anos pola enfermidade coa que naceu.

A túa tenrura fixo inesquecible para min o intre no que me sentaches nun tallo pequeniño e, pola miña demanda, puxéchesme a Berto no meu colo. Tiña o rapaz poucos días.



Jesús Araújo, fillo e miña irmán Maxi, disfrazados no entroido 1955

Foche un exemplo de afoutenza. Encadeada no Pazo de Bayón para exixir xustiza e responsabilidades ós narcos que nos roubaron a vida de tanta mocidade (formabas parte do colectivo Érguete que lideraba Carmen Avendaño que tanto ben ten feito).

Inconformista, solidaria, traballadora e empática, entregábase ós demais sin agardar recompensa. Cos teus vecinos, nós, tanto Suso como ti fostedes as persoas máis boas do mundo. Tirabádesnos da sequía dándonos auga do voso pozo para encher o depósito de abastecemento de auga corrente para a nosa casa e o bidón pousado rente o muriño, cando no verán o noso ficaba enxoito. Aínda botamos algúns anos así e... non pasaba nada, o que fixera falta. Nunca volo teremos agradecido bastante.

Eras moi leda, Mucha, festeira e ridente. Un ano, polo entroido, quixeches disfrazar a Susín con Maxi. A idea, seica foi túa. Propuxéchesllelo a nosa nai. Ela non quería saber dos lerios nin das zafalladas dos disfraces e entón acordástedes que ti levarías o cargo e mamá colaboraría traendo a María a Panecilla para facer o traxe de Maxi. A parte técnica, correspondeulle a Suso, o teu home. Aquel inverno houbera una peste aviar moi rabiosa e ocurriusevos levar a Susín de médico e a Maxi de enfermeira, ámbolos dous con mascarilla e todo o material de quirófano. O Dr. Araújo levaba una gaiola feita no voso obradoiro. Dentro, unha galiña e por afora, un cartel que dicía: "Se curan gallinas de la peste". Aquelo valeulle o primeiro premio no baile de nenos do Club Náutico Rodeira, aló polo medio da década dos anos cincuenta do século derradeiro.



José Manuel, Maxi, meus irmáns, Susín e eu, na estrada fronte ás nosas casas, merendando.

Hai cousas premonitorias. Susín que medrou e colleu o seu fermoso nome enteiro: Jesús, transformouse mediante os estudos, no Dr. Jesús Araújo Nores e a mascarilla que levaban tanto Maxi coma el, tivémola que por e aínda temos, por mor das pandemias.

Agora, penso en ti, Mucha. Síntoche embruiada cos recendos de pixel, limoeiros, brasas de carozos, fios de lan, tecidos da post guerra porfiando a calidade deles, de anacos de retais de cores cosidos uns cos outros en harmoniosos manteliños, co sabor da galdrumada que traías para compartir, dos canastros ateigados para o xantar nas romaxes, no bafo de cristais mollados das pingueiras chuventas e nos estralos de leña na cociña ó anoitecer. Eras toda enerxía e harmonía dentro do teu modo de ser pouco convencional. Toda una personalidade salientable!

Una fonda mágoa percorre o meu ser pois contigo, devalece a nosa memoria.

A xente coma vós é inmorrente pois vive de seguro ó noso carón, cos vosos exemplos de dignidade e forza e grande agarimo.

***Poeta e veciña de Cangas**